

## [ Decálogo para usar en tódalas difeccións, ou en ningunha ]

...e a xacaranda teima en estoupar  
foguete malva na mañán marceira



Detesto a primavera. O meu corpo resístease a abandonar o leito, a miña alma ofendida languidece como unha mala cantante de boleros, os meus ollos salocan bágoas artificiais, o nariz enroibece, a pel escoce. A culpa é toda da natureza. Nunca vin as xacarandas (1), pero seguro que me dan alerxia. Mallarmé, tamén hipocóndriaco e asmático, dixoo moito mellor. Tal vez a poesía moderna sexa unha longa crise respiratoria.

2. Este ano, o cambio de estación virame asasinar a unha illa tropical. Dixéronme que os trópicos só se aman a si mesmos. Que a luz, a penas cae, é corrompida polo seu propio peso. Que para combatela é preciso recitar en voz alta unha oración breve e fervorosa (2). Un posible antídoto: encomendarse á Virxe da Caridade do Cobre.

3. *O clube das poetas tolas*. Qué bo título para un remake galego.

4. Eu tiven un amante que me desamou tanto, chorei mares por el, así me baleiroi. Cando nos despedimos, puxen entre as súas mans aquela flor azul. Non a apañara de ningún xardín, cortena destes versos de Christina Rossetti (3): "So free must be Forget-me-not. / Give me the flame no dumpness dulls, / The passion

of the instinctive pulse..." En cambio, Mapplethorpe fotografaba lirios brancos de Exipto como quen delinea corpos nus. En Santiago, a esas flores dillel *calas*. Noutras zonas, *cartuchos* pólvora, munición. En México, *alcatrazes*, de talos carcelarios debuxados por Kahlo e por Rivera. Obxecto de conciencia, aquel rapaz fítoime longamente como quen di un piropo (un epitafio): *Cartuchos* non me gusta. Deberían chamarse coma ti. (Cavilei en Pascal e no seu vimbio. El non lera a Pascal. Tampouco o precisaba).

5. Eu identifícabame máis coa flor azul, o símbolo lendario do imposible. En inglés, "forget-me-not". En alemán, "Vergissmeinnicht". En francés, "ne-m'oubliez-pas". En italiano, "nontiscordardimé". En portugués, "ñão-me-esquezas". En valisoletano, que era a lingua do amante, "nomeolvides". Unha palabra longa, sen guiños que xustifican a ruptura, a dor de separar dous corpos próximos. En ningún dicionario de galego normativo aparecía esa palabra.

6. "Non-me-esquezas" nunca me gustou. E quixen adaptala, tal vez mesmo creala. Busquei, en nova concesión ás musas filolóxicas, o étimo grego e o seu significado. E atopei a palabra *miotis*, que quere dicir "orella de leirón". Desde logo, nas plantas adoitan ser máis descritivos os nomes científicos que os comúns.

7. O meu pai collía xuncos, cabo dun río cativo, e enchía o ceo deles para facernos rir a meu irmán e a min. "Alí vai o foguete", dicía mirando de qué lado viña o aire. Parecía doado, pero tiña o seu truco. A miña nai, sempre máis previsora, dábanos estralotes de cor malva para que os estouparamos entre o pulgar e o índice.

8. Un poeta mexicano díxome que en Ciudad Juárez había unha bolera que se chamaba precisamente así: Jacarandá. En fronte, estaba o bar Caballo Loco. En latín, *equiferus*, étimo de Cebreiro, quere dicir tamén Cabalo Bravo. Así me sinto agora: María do Cabalo Bravo. Algúns psicólogos din que as persoas que levan un nome composto desenvolven tamén unha alma dobre. ¿Ouserá máis ben triple?

9. Isto do collage, do patchwork e da arte postmoderna está moi ben, ten o seu chiste e tal, pero unha verdadeira dama nunca mesturaría chanel número cinco con farala. Habería que pór certo coitado en non facer poesía como quen xunta froitas para unha macedonia: *cachito, cachito, cachito mío...* (Recórtese pola liña puntos).

10. Aínda teño medo, pero xa tiven máis.

MARIETA DEL CEBREIRO

(1) Teño na casa un dicionario de herbas de namorar. Na súa última páxina define deste xeito a xacarandá: "Planta arbórea de follas opostas e fermosas flores de cor violeta ou púrpura. Coñécese máis de corenta especies. Dunha delas, a xacaranda mimosaefolia, extráese a madeira de paosanto. Dáse nas rexións cálidas de América". Non adxunta ilustración nin fotografía. Convida, logo, a escribir sobre o que non se tocou, indo á flor polos banzos-palabras, na noite do sentido, atoutiñando.

(2) En latín, "iaculatorium", de "iaculan": expulsar. Xacarandá. Xaculatoria. Exacular. (3) Christina Rossetti era a irmá do cretino aquel que primeiro enterrou os seus manuscritos cabo do corpo da súa muller morta, e despois, a petición dun editor, foi con martelo e pa o seu cadeleito para exhumar todos eses inútiles papeis, comestos polos vermes.